

# PLAN PEF

## 1. Quen se pode inscribir

Poderán participar nas accións formativas do Plan PEF todas/os as/os profesionais que presten ou prestaran servizos nas institucións do Servizo Galego de Saúde, as/os aspirantes ás vinculacións temporais no ámbito das institucións do Servizo Galego de Saúde, ao abeiro do pacto de selección temporal vixente en cada momento, así como o persoal, integrado no réxime estatutario, pertencente ás axencias públicas sanitarias ou empresas públicas adscritas á Consellería de Sanidade.

Así mesmo, poderán participar outros destinatarios cando así veña especificado no anexo de cada acción formativa.

As persoas interesadas en participar nas actividades formativas deberán cumprir os requisitos esixidos para cada curso.

Non poderán participar nas actividades formativas presenciais as persoas solicitantes incluídas na listaxe de persoal seleccionado que, ao inicio do curso, estean en situación de baixa laboral por incapacidade temporal. Esta incidencia deberalla comunicar, por escrito, a persoa afectada á ACIS, para os efectos de cubrir a vacante e evitar a penalización que comportaría a súa falta de comunicación, prevista na cláusula sexta.

O persoal que se atope gozando dun permiso por parto, adopción ou acollemento tanto preadoptivo como permanente ou simple, adopción internacional ou excedencia para o coidado de fillos e familiares poderá participar nas actividades formativas, consonte establecen os artigos 57.4 e 76 do Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, e a disposición adicional décimo novena, punto trece da Lei orgánica 3/2007, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

## 2. Como inscribirse

A inscrición será exclusivamente a través da páxina web da Axencia (<https://acis.sergas.gal>).

Só é necesario xuntar certificación dos servizos prestados fóra do Sistema público de saúde de Galicia. A certificación deberá ser remitida ao enderezo da ACIS nos prazos establecidos para o envío das solicitudes de preinscrición.

## 3. Prazo de inscrición

A período de inscrición estará aberto dende o día seguinte ao da publicación da convocatoria no DOG e ata un mes antes do inicio de cada actividade formativa.

## 4. Criterios de selección de alumnas/os

Os criterios de selección para participar nas accións formativas convocadas ao abeiro do Plan estratéxico de formación dos traballadores ao servizo da sanidade pública galega (PEF), serán os que a continuación se detallan. En todo caso, reservárase en cada actividade formativa unha cota do 5 % para ser cuberta por persoas discapacitadas cun

grao de discapacidade igual ou superior ao 33 %, sempre que o poidan acreditar e cumpran os requisitos establecidos na convocatoria para cada actividade:

1. Ser a persoa solicitante destinataria da acción formativa concreta, de conformidade co establecido para cada curso.
2. Unha vez aplicado o criterio anterior, de existir máis solicitudes que prazas, terán prioridade as/os aspirantes que realicen tarefas máis directamente relacionadas co contido básico e obxectivos do curso. Con esta finalidade, na solicitude deberán detallarse as tarefas que sexan máis representativas do posto de traballo e que garden relación específica cos contidos da actividade. Non se valorarán as funcións que non se indiquen.
3. Menor número de cursos realizados nos cinco anos anteriores.
4. No punto anterior, terán preferencia na selección as/os aspirantes que nos últimos dous anos estean utilizando ou utilizasen unha licenza de maternidade, un permiso de paternidade, unha redución de xornada ou unha excedencia para coidado de familiares, de acordo co previsto no artigo 45 da Lei 7/2004, do 16 de xullo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

Así mesmo, terán preferencia para participaren nos cursos de formación as/os aspirantes que, durante o ano anterior á data de publicación desta convocatoria, se incorporasen ao servizo activo procedentes do permiso de maternidade ou paternidade, ou reingresasen desde a situación de excedencia por razóns de garda legal e atención a persoas maiores dependentes ou persoas con discapacidade, de acordo co previsto no artigo 60.1 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

Ademais, de conformidade co disposto no artigo 37 bis da Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes, e co establecido na Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia, na súa disposición adicional 1ª, nos cursos, xornadas ou outras actividades formativas organizadas ou financiadas pola Administración pública galega reservarase un 50 % das prazas a mulleres que reúnan os requisitos esixidos na convocatoria, que accederán pola quenda reservada no caso de non haber suficientes solicitudes de participación de mulleres.

Por último, de continuar existindo un número maior de solicitudes que de prazas, resolverase por data e hora de inscrición.

No caso de que se anule algunha actividade formativa, a ACIS poderalles ofrecer ás/aos admitidas/os nesa actividade a súa incorporación voluntaria noutra edición desa mesma actividade, sempre que nesta última haxa vacantes. Neste suposto, o chamamento ás/aos admitidas/os será pola orde de admisión da actividade anulada.

## 5. Publicación das listaxes de admitidas/os

Expirado o prazo de presentación de solicitudes, publicarase na páxina web da ACIS a listaxe provisional de admitidas/os e excluídas/os na acción formativa concreta, así como as causas da súa exclusión.

Ademais, enviarase unha SMS, a modo de recordatorio, ás/aos admitidas/os en cada acción formativa, sempre que se dispoña dun número de teléfono móbil na base de

datos da Axencia. Estas mensaxes son simplemente informativas e non eximen as/os aspirantes de consultar a páxina web da ACIS.

As/os aspirantes excluídas/os disporán dun prazo de dez días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da listaxe provisional, para poder emendar o defecto ou defectos que motivasen a exclusión e formular as reclamacións que coiden pertinentes.

Rematado o prazo de presentación de reclamacións, e unha vez resoltas pola ACIS despois do informe da Comisión Paritaria respectiva, publicarase na páxina web da Axencia a listaxe definitiva de admitidas/os e excluídas/os cunha antelación mínima de cinco días naturais ao inicio do curso.

En ningún caso se admitirá a asistencia de persoas na condición de oíntes.

## 6. Anulación de reserva

Se a/o aspirante seleccionada/o para a realización dunha actividade formativa decide non asistir a ela, deberá comunicar a súa renuncia a través da páxina web da ACIS cunha antelación mínima de catro días naturais á data fixada para o inicio da citada actividade, sen contar o propio día de inicio.

De non facelo así, e agás motivo xustificado baseado en causa de forza maior ou acontecemento imprevisible, non será admitido en ningunha outra actividade formativa no transcurso dos doce meses seguintes.

## 7. Certificación de asistencia

Os/as profesionais que superen as actividades en que sexan admitidos terán á súa disposición a certificación, que poderán visualizar no seu expediente-e (Fides), que estará validada de xeito automático. As certificacións emitiranse en formato dixital e cada persoa poderá descargarlas dende o seu perfil da ACIS.

Así mesmo, estarán dispoñibles en formato dixital dende "O perfil ACIS" (<https://acis.sergas.gal/cartafol/O-meu-perfil>) as certificacións de todas as actividades formativas realizadas con posterioridade ao 1 de xaneiro do ano 2009. Poderanse emitir certificacións de anos anteriores ao 2009 nos casos en que sexa solicitado pola persoa interesada, vía correo electrónico ([certificacions.acis@sergas.es](mailto:certificacions.acis@sergas.es)) e xustificando o motivo desta solicitude.

Para considerar que a acción formativa se superou, ten que constatarase a asistencia ás horas lectivas cunha ausencia máxima do 10 % da súa duración, se a actividade formativa ten unha duración superior a catro horas. Para iso, durante o desenvolvemento da actividade, as persoas participantes deberán asinar nos controis de entrada e saída que se establezan. No caso das actividades formativas cunha duración inferior ou igual a catro horas, a asistencia deberá ser do 100 %. Ademais, no suposto de que os cursos esixan a realización dalgunha proba ou traballo, expediráselles o certificado unicamente ás/aos alumnas/os que a superen.

No caso de actividades formativas que teñan unha parte de teleformación deberanse completar os contidos, probas ou tarefas que se inclúan segundo se indica na guía que recibirá a/o alumna/o antes do inicio do curso.

Aquelas persoas que non obtivesen a certificación poderán solicitar a revisión do seu caso sempre que o curso fose impartido no ano inmediatamente anterior.

## 8. Protección de datos

Os seus datos de carácter persoal serán tratados polo Servizo Galego de Saúde para ser incorporados ao tratamento "Xestión da formación", cuxa finalidade é, entre outras, a xestión e control das actividades formativas que organizan a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e o resto de entidades que constitúen o Sistema sanitario público a profesorado, alumnado, alumnado en prácticas e asistentes a cursos. Esta finalidade é necesaria para o cumprimento dunha obriga legal.

Os dereitos de acceso, rectificación, supresión e portabilidade dos seus datos, de limitación e oposición ao seu tratamento, así como a non ser obxecto de decisións baseadas unicamente no tratamento automatizado dos seus datos, cando procedan, pódense exercer ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, Edificio Administrativo San Lázaro, R/San Lázaro s/n, 15703 Santiago de Compostela ou no enderezo de correo electrónico [dpd@sergas.gal](mailto:dpd@sergas.gal)

Pode consultar información máis detallada deste tratamento de datos no enderezo [www.sergas.gal/protecciondatos](http://www.sergas.gal/protecciondatos)